


A CIVILIZACIÓN ROMANA. HISPANIA ROMANA

Eixe cronolóxico do mundo romano:



Observa o eixe: Que período de tempo abrangue a historia de Roma? En que grandes etapas podemos dividila?

No II milenio a.C. a **Península Itálica** estaba ocupada por diferentes pobos:


- No centro, os **latinos**.
- No norte, os **etruscos**.
- No sur, os **gregos** (que fundaron as colonias de Magna Grecia).

Segundo a lenda, narrada por Virxilio na *Eneida*, Eneas, un heroe troiano fillo de *Afrodita* (deusa do amor) e do príncipe *Anquises*, chega á Lacio despois da caída de Troia (1184 a.C.), fundando a cidade de Lavinia, pero o seu fillo *Ascanio* abandónaa trinta anos máis tarde para fundar *Alba Longa*, na que reinaron trece reis ata *Numitor*. O irmán deste, *Amulio*, expulsouno do trono e obrigou á filla de *Numitor*, *Rea Silvia* a facerse vestal (sacerdotisa de Vesta que tiña que preservar a súa virxindade). O deus Marte impediuno e a filla de *Numitor* tivo dous xemelgos, *Rómulo* e *Remo* que foron abandonados no Tíber e recollidos por unha loba que os salvou e aleitou. Pasados os anos fundarían a cidade de Roma, pero, segundo a lenda, *Rómulo* matou a *Remo*, por atravesar sen o seu permiso o recinto sagrado que *Rómulo* trazara coa reixa dun arado. O mesmo *Rómulo* dixo: "desde agora, así morrerá todo aquel que ouse traspasar as miñas murallas...". O ano mítico da fundación da cidade foi o 753 a. C.

1. Que pobos habitaban a Península Itálica cara ao século VII a.C.? Cal deles fundou Roma?
2. Onde se situaban as colonias gregas? E as cartaxinesas?



A verdade é que a mediados do século VIII a.C., algunhas tribos de latinos agrupáronse ás beiras do Tíber, no outeiro chamado **Palatino**. Máis adiante, os latinos asentáronse sobre sete outeiros próximos entre si.



Ao principio, os romanos vivían só da agricultura e mais a gandería. Pero como a cidade era un lugar de paso para cruzar a Península Itálica, Roma pronto se converteu nu enclave comercial, onde se realizaban gran parte dos intercambios e trocos entre os distintos pobos.

A MONARQUÍA

O rei tiña os máximos poderes: administraba xustiza, dirixía o exército e era o sumo sacerdote. Gobernaba coa axuda dun **Senado** que estaba composto polos membros das grandes familias aristocráticas: os **patricios**. Roma tivo sete reis, os primeiros latinos e os tres últimos, **etruscos** (pobo que dominou a Lacio

cara ao século VI a.C.). Cos etruscos, Roma engrandeceuse: edificáronse pontes, acueductos e templos, e construíron a primeira rede de sumidoiros, a **Cloaca Máxima**, e o rei Servio Tulio construíu a muralla arredor dos sete outeiros. No ano 509 a.C., unha revolta acabou co último monarca etrusco, Tarquino o Soberbio, e Roma converteuse nunha república.

3. Que construcións dos reis etruscos podes ver no plano?

4. Que diferenzas hai entre a orixe histórica da cidade de Roma e a lendaria? Resume brevemente unha e outra.

A ROMA REPUBLICANA


A sociedade

Os cidadáns romanos dividíanse en dous grandes grupos sociais:

- os **patricios**: formados por familias aristocráticas consideradas descendentes dos fundadores de Roma e se agrupaban en grandes familias con antepasados comúns (**gens**). Propietarios das terras, do gando e gobernaban a cidade.
- os **plebeos**: os que chegaron á cidade posteriormente á súa fundación. Grupo máis numeroso, formado por campesiños, artesáns, comerciantes. Non tiñan propiedades e carecían de dereitos políticos.

No ano 494 a.C., os cónsules de Roma convocaron a todos os romanos en idade militar para tomar as armas. Pero os plebeos negáronse a obedecer ata que fosen recoñecidos os seus dereitos. Entre os dereitos a ser recoñecidos, estaba o acceso ás maxistraturas, a mellora da xustiza, a supresión da escravitude por causa das débedas ou o reparto xusto das terras. Como consecuencia dos enfrontamentos, o Senado accedeu a crear novas maxistraturas: os **tribunos da plebe** e os **edís**, que tiñan como misión velar polos intereses do plebeos. Tamén se lexislou a **lei das Doce Táboas** para evitar que os plebeos sufriran a arbitrariedade dos maxistrados.

O goberno republicano:



Composto por tres institucións principais:

- Comicios** ou **assembleas populares**: formados por todos os cidadáns romanos. Votaban as leis e elixían os maxistrados.
 - Maxistrados**: exercían as funcións políticas, de xustiza e facenda. Os de máis autoridade eran os **cónsules**, que presidían as assembleas e dirixían o exército, e o **censor**, encargado de controlar o censo dos patricios ao Senado.
 - Senado**: formados por 300 ex-maxistrados, elixidos entre as familias nobres da cidade. Centro da vida política, ratificaban as leis aprobadas nos comicios e decidían sobre a guerra ou a paz entre os outros pobos.
5. Explica cal era a función de cada unha das institucións representadas no esquema. Cal cres que era a máis importante?
6. Quen formaban o Senado? E os Comicios? Cantos tipos de Comicios existían?
7. Que dous grupos sociais existían en Roma? Que lei permitiu a igualdade entre patricios e plebeos?

A EXPANSIÓN DE ROMA

Os romanos, tras liberarse do control etrusco, impuxéronse militarmente sobre toda a **península italiana** (500 a.C.-250 a.C.). Venceron aos galos instalados no norte, aos latinos no centro e aos gregos do sur.

Entre o ano 264 a.C. e o 146 a.C. tiveron lugar as guerras Púnicas, que enfrontaron a Roma con Cartago, potencia marítima naquel momento no Mediterráneo. Destacou para os cartaxineses o seu xeneral *Aníbal*, e para os romanos o xeneral *Escipión*. Houbo tres guerras púnicas:

A primeira desenvolveuse en Sicilia.

A segunda tivo lugar en Italia e en Hispania.

A terceira tivo lugar en Cartago e supuxo a destrución desta cidade e o fin da guerra.

Tralas guerras púnicas, Roma converteuse na dominadora do **Mediterráneo Occidental**.

Nos séculos III e II a.C., as lexións romanas, nas chamadas guerras macedónicas, enfrontáronse e venceron ao antigo imperio de Alexandre o Magno.

Entre os séculos II a.C. e II d.C. os romanos completaron a conquista do seu imperio que incluía parte das illas Británicas, Hispania, as Galias, Asia Menor, Mesopotamia, Exipto e todo o norte de África. O Mediterráneo converteuse así nun mar romano (*Mare Nostrum*).



O Imperio Romano

8. Con que pobos se enfrontou Roma para dominar o Mediterráneo?

CRISE DO SÉCULO I a.C.

A expansión territorial de Roma provocou unha grave crise na República, pois era un sistema político que non estaba preparado para o goberno dun amplo territorio.

As conquistas achegaron a Roma grandes **riquezas**, que orixinaron enormes **desigualdades sociais**.

Moitos campesiños arruináronse ao teren que abandonar as súas terras para servir no exército. As queixas da plebe urbana, sen terras e sen traballo, deron lugar a **conflictos sociais**, como a revolta dirixida polos irmáns **Graco** no século II a.C., en demanda dunha mellor repartición de terras.

Todos estes acontecementos fundiron a República nunha grave **crise política e social**. No século I a.C. o Senado e os maxistrados outorgan poder aos **xefes militares**, que defenderon un **régime político persoal e dictatorial**. No ano 48 a.C., **Xulio César** foi proclamado dictador perpetuo e asumiu os máximos poderes. Partidarios da República asasinaron a César ás portas do Senado no ano 44 a.C. Finalmente, o seu sobriño, **Octavio**, alzouse co poder, puxo fin á República e creou, no ano 27 a.C., un novo sistema político: **o Imperio**.

9. Cita as principais consecuencias sociais das conquistas. Quen se beneficiou? Quen foron os que saíron prexudicados? Que conflitos tiveron lugar?

O IMPERIO

No ano 27 a.C. o Senado outórgalle amplos poderes a Octavio e concédelle o título de **Augusto** (elixido polos deuses).

Octavio concentrou na súa persoa todos os poderes civís e militares que antes exercían os maxistrados. Foi nomeado **cónsul vitalicio** e xefe do exército co título de **emperador**. Tamén foi designado como **príncipe** ou o primeiro dos romanos. Tamén foi chamado **gran pontífice**, ou máxima autoridade relixiosa. El tamén redactaba todas as leis (**edictos**) e ao morrer, Augusto foi divinizado (apoteose). Pola influencia de pobos orientais (sobre todo Exipto) os emperadores foron considerados como deuses aos que se debía adorar para mostrar fidelidade a Roma.



Aínda que, en principio, o título de emperador non era hereditario, a maioría dos emperadores fóronse sucedendo de pai a fillo.

Os territorios que se incorporaron ao Imperio organizáronse en **provincias**, a cuxa fronte se colocaba un **gobernador** axudado por funcionarios romanos. Para defender eses territorios, levantáronse fortificacións nas fronteiras (**limes**).

Ao longo dos séculos I e II d.C. o Imperio acadou a súa máxima expansión. A este período coñécese como a **pax romana**.


Roma transmitiu os seus trazos políticos, económicos, sociais e culturais aos territorios conquistados. Este proceso coñécese como **romanización** e apoiouse en:

- fundación e desenvolvemento de **ciudades**.
- uso do **latín** como idioma común
- construcción dunha **rede de calzadas** que favoreceu o comercio.
- acción dos **gobernantes**, que impuxeron a autoridade de Roma naqueles lugares onde actuaban.


No ano 212, o emperador Caracalla quixo equiparar a todos os habitantes do Imperio e por iso concedeulles a cidadanía romana.

UNHA SOCIEDADE URBANA

O Imperio Romano organizábase grazas ás cidades que tiñan todas unha **estrutura semellante**: protexidas por murallas e no centro situábase unha prazo, o **foro**. Tiñan numerosos edificios públicos destinados ao lecer (termas, teatros, anfiteatros, circos), un bo sistema de canalización de augas (acueductos) e de rede de sumidoiros.



A calidade e amplitude das vivendas cidadás dependeu da capacidade económica dos seus moradores. Por exemplo, os emperadores e os principais cargos estatais vivían en suntuosos pazos e os ricos residían en cómodas casas dun só piso chamadas **domus**. Os máis pobres vivían amoreados en pequenos cuartos nas **ínsulas** ou casas de varios pisos, que daban á rúa e a un patio interior. Nos baixos das insulas adoitaba haber tendas.



Unha domus



Unha insula

ECONOMÍA ROMANA

En primeiro lugar hai que sinalar que o sistema de produción romano era escravista, é dicir, a economía do Imperio Romano baseábase no traballo dos escravos.

A principal fonte de riqueza de Roma foi a **agricultura**, cultivando trigo, vide, oliveira e diversas hortalizas e froitas. Melloráronse as antigas técnicas de regadío, empregouse o arado romano e muíños.

A súa **gandería** baseouse na cría de ovellas, cabras, bovinos, asnos, cabalos e mulas.

A **vila** ou casa rural era o centro dos latifundios. Alí estaba a casa do señor, á que se lle engadían outras dependencias (celeiros, almacéns, cortes e adegas).

A **industria** foi moi variada e alcanzou un alto grao de perfeccionamento. Destacou a cerámica, produción de obxectos de vidro, ourivería e as labores de forxa e fabricación de armas. Destacamos tamén a industria téxtil, a de construción de barcos e a de obras públicas.

A **actividade comercial** viuse favorecida pola unidade do Mediterráneo, que garantía o tráfico marítimo, máis barato có terrestre. O uso dun sistema monetario común, baseado no **as**, **sestercio** e o **denario** facilitou os intercambios comerciais.

As provincias occidentais (Galia e Hispania) subministraban a Roma produtos agrícolas e gandeiros. As provincias orientais proporcionaban produtos de luxo.

A maioría dos produtos transportábanse por vía marítima ou fluvial pero o transporte terrestre tamén foi moi importante, e para facilitalo, os romanos uniron as principais cidades do Imperio por medio de **calzadas**.



Roma e o seu Imperio entraron nunha profunda crise no século III d.C. A economía fundiuse; a paz social e a vida urbana comezaron a cambalear, as fronteiras fixéronse inseguras ante a presión de pobos bárbaros. As principais causas desta crise foron:

- Cesamento das conquistas, fixo diminuír a chegada de riquezas e escravos a Roma.
- Golpismo de moitos xenerais.
- As cidades foron pouco a pouco abandonadas. Como consecuencia a vida urbana decaeu e o Imperio ruralizouse.

A DIVISIÓN DO IMPERIO

No ano 395, para facilitar a súa defensa, o emperador **Teodosio** dividiu o Imperio entre os seus fillos, Arcadio e Honorio. A partir dese momento quedaron separados o Imperio romano de Occidente, con capital en Roma a cargo de Honorio, e o Imperio romano de Oriente, con capital en Constantinopla, nas mans de Arcadio. Os dous imperios terán finais diferentes pois se o Imperio romano de Oriente sobrevivirá case mil anos máis, chamándose Imperio bizantino, o Imperio Romano de Occidente desaparecerá no ano 476 d.C. pola presión das invasións bárbaras.

O FIN DO IMPERIO DE OCCIDENTE

A comezos do século V, os pobos xermánicos traspasaron as fronteiras e entraron no Imperio Occidental, empurrados polos hunos.


Os pobos invasores (suevos, vándalos, alanos, visigodos, francos...) fóronse instalando nas terras do Imperio de Occidente e creando reinos independentes.

No ano 476, o xefe dos hérulos, Odoacro, depuxo ao último emperador romano de Occidente, Rómulo Augusto.

Con este feito, os historiadores falan da fin da Antigüidade e do inicio da Idade Media.



A HISPANIA ROMANA




d) A CONQUISTA ROMANA DE HISPANIA

GUERRAS PÚNICAS

As guerras entre Roma e Cartago foron a orixe da ocupación romana da Península Ibérica. Os cartaxineses ocuparon militarmente (entre o 237 e o 219 a.C.) extensos territorios na zona oriental da Península.

Amílcar Barca toma Gadir no ano 238 a.C. e posteriormente fundará Cartago Nova. No ano 220 a.C. *Aníbal* planeou a conquista de Roma desde a Península, atravesando os Pireneos e os Alpes. No seu avance atacou a cidade de Sagunto, aliada con Roma. Os romanos para vingaren a toma de Sagunto, enviaron aos seus exércitos á Península (ano 218 a.C. desembarcan en Emporion, comezando así a conquista de Hispania).



FASES DA CONQUISTA

1ª FASE (218-202 a.C): guerra contra os cartaxineses e os seus aliados. Nesta fase vencen aos cartaxineses e dominan toda a costa mediterránea.

2ª FASE (202-154 a.C): dominio da metade oriental da Península se atopar resistencia.

3ª FASE (154-133a.C): guerra contra os pobos do centro da Península.

As guerras máis cruentas tiveron lugar contra lusitanos, arevacos e vacceos. No 133 a.C. tivo lugar o asasinato do principal caudillo lusitano, Viriato. No ano 133 a.C. tivo lugar a toma de Numancia, capital dos celtiberos, feito que permitiu a ocupación e dominación do centro da Meseta.

4ª FASE (29-19 a.C): en época de Augusto, cando someteu ás tribos de galaicos, cántabros, ástures e vascóns, dándose por finalizada a conquista da Península.

8. Por onde entraron os exércitos romanos á Península Ibérica? En que ano?
9. Cales foron as etapas de dominación romana da Península? Que territorios se ocuparon en cada fase?
10. Contra que pobos se enfrontaron os romanos na Península? Cales ofreceron unha maior resistencia?

e) A ROMANIZACIÓN DE HISPANIA

Os pobos sometidos ao dominio de Roma foron adoptando a lingua, a cultura e as formas de vida romanas. Pero este proceso de romanización non foi uniforme. Existiron zonas moi

romanizadas (o leste e sur peninsular); en cambio, nalgúnhas áreas do norte, a romanización foi moi baixa.

Os axentes de romanización foron variados: lexionarios, funcionarios e comerciantes romanos; progresivo uso do latín e dunha moeda común; fundación de cidades organizadas segundo o modelo romano; construción de calzadas, etc.

11. Que nomes levan na actualidade as cidades de: Barcino, Caesaraugusta, Tarraco, Legio, Bracara Autusta, Emerita Augusta, Hispalis, Asturica Augusta e Lucus Augusti?

AS PROVINCIAS

Hispania dividiuse en distintas provincias, para administrar os territorios conquistados, aínda que a división variou ao longo do tempo.

A división inicial establecía dúas provincias: a *Hispania Citerior* (norte e leste da Península ata Cartago Nova) e a *Hispania Ulterior* (todo o sur da Península).

No século I a.C, a Península dividiuse en tres provincias: *Tarraconense* (capital en Tarraco), *Bética* (capital en Corduba) e *Lusitania* (con capital en Emérita Augusta).

No século III d.C, Hispania dividiuse en cinco provincias: *Bética*, *Lusitania*, *Tarraconense*, *Gallaecia* e a *Cartaxinense*.



AS RIQUEZAS DE HISPANIA

Os romanos integraron a economía de Hispania dentro dos circuítos comerciais do Imperio e organizárona segundo os seus intereses.

A producción agrícola aumentou. Os romanos introduciron avances como o arado, o trillo de rodas, uso de fertilizantes e o barbeito.



Arado romano

Ampurias e Xátiva; salgaduras na Bética.

Tamén se explotou a riqueza mineira de Hispania e se melloraron os sistemas de extracción. Obtiñan prata en Cartaxena e Serra Morena, cobre en Huelva, Almería e Asturias, mercurio en Almadén e ouro na cunca do Sil. Nas minas traballaban escravos.

Os produtos agrícolas, artesanais e mineiros destinábanse ao consumo local, pero parte deles exportábanse a Roma e ao resto do Imperio mediante o comercio terrestre, a través dunha extensa rede de calzadas, e o comercio marítimo.

A SOCIEDADE EN HISPANIA

Dividíase en *persoas libres e escravos*. Entre as persoas libres había grandes diferencias, segundo gozase ou non da cidadanía romana. Os cidadáns tiñan os máximos dereitos, aínda

que se diferenciaban entre si pola fortuna. Uns poucos eran os *privilexiados*, xa que a súa riqueza permitíalles desempeñar cargos políticos no Senado ou nos municipios. Os non privilexiados constituían a *plebe*. Sen embargo, a maioría da poboación hispana eran persoas libres con dereitos políticos moi limitados: os *peregrinos*. Desde o ano 212 a cidadanía romana estendeuse a todos os habitantes libres do Imperio (edicto de Caracalla).

Os escravos foron moi numerosos, e sobre eles recaía a maior parte do traballo nas minas, no campo e tarefas domésticas.

A VIDA COTIÁ NAS CIDADES



Nas cidades, as familias máis ricas habitaban casas individuais, as **domus**. A entrada realizábase por un vestíbulo que daba paso a un patio interior ou **adro**. As domus contaban con auga corrente na cocina e no baño. Unhas latrinas permitían a evacuación directa á rede de sumidoiros. Algunhas tiñan un sistema de calefacción subterránea. Os pavimentos estaban decorados con mosaicos e as paredes con frescos.

A FAMILIA

A familia romana estaba formada por todos os que vivían baixo a autoridade do pai (pater familias). A lei romana recoñecía ao pai unha autoridade completa (patria potestas). Tiña dereito de vida e morte sobre os seus fillos e escravos e a súa autoridade duraba mentres vivise.

As mulleres dependían sempre da autoridade dun home: primeiro do pai e despois do marido.

f) O LEGADO ARTÍSTICO

Os romanos foron grandes constructores e exportaron o seu modelo de cidade a todo o Imperio. En España consérvanse aínda bos exemplos de construcións romanas:

Acueductos en Segovia, Tarragona e Mérida; **teatros** en Mérida e Sagunto; **anfiteatros** en Itálica, Mérida e Tarragona; **murallas** en Lugo e Barcelona; **pontes** en Alcántara e Mérida; **termas** en Lugo, etc.

Ademais, construíronse outras obras de carácter conmemorativo, como os **arcos de trunfo** en Tarragona e Soria; **templos** como os de Vic e Mérida e **monumentos funerarios** en Tarragona.

Tamén se conservan **mosaicos** que adornaban as casas e mais as vilas rurais, e abundantes **esculturas** de divindades e de emperadores.

g) A GALLAECIA ROMANA

A primeira expedición romana á Gallaecia foi dirixida por **Décimo Xunio Bruto** no ano 138 a.C. **Xulio César**, cando era pretor da Hispania Ulterior, navegou a Brigantium (A Coruña) no 61 a.C. co fin de explorar o territorio para obter riquezas. A conquista definitiva lévaa a cabo **Octavio Augusto** coas guerras cántabro- ástures, entre os anos 29-19 a.C. A Gallaecia queda integrada primeiro na provincia da Lusitania e despois na Tarraconense. O seu territorio quedou dividido en tres conventus con capitais en *Lucus Augusti* (Lugo), *Bracara Augusta* (Braga) e *Asturica Augusta* (Astorga). No século III, Gallaecia converteuse en provincia romana.

Galicia era rica en minerais. Os romanos crearon grandes explotacións auríferas como a das Médulas no Bierzo e co mesmo fin desviaron a canle do Sil en Montefurado.